

CURSO 2019-2020

PROGRAMACIÓN DE PERCUSIÓN

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA MESTRE IBAÑEZ

MONFORTE DE LEMOS

DEPARTAMENTO DE PERCUSIÓN

PROFESOR: JOSÉ LUIS GARCÍA DÍAZ.

ADAPTACIÓNS 3º TRIMESTRE CURSO 2019/20_ORDE EFP/365/2020

Centro: Conservatorio profesional municipal “Mestre Ibáñez”

Localidade: Monforte de Lemos (Lugo)

Departamento: Percusión

Xefe de departamento: José Luis García Díaz

Asignatura: Percusión

GRAO ELEMENTAL

CURSO 4º DE GRAO ELEMENTAL

1. Obxetivos:

Alcanzar a autonomía para que a capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Coñecer as características de todos os instrumentos que compoñen a familia da percusión e as súas posibilidades sonoras para utiliza-las na interpretación individual e colectiva.

Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo/a, para vivir a percusión como elemento de comunicación.

Ser quen de escoitarse e ser crítico con un mesmo/a.

Afianzar o autocontrol do tempo, a memoria visual, auditiva e kinestésica así como o hábito de concentración no estudio diario.

Tocar individualmente e en grupo, en público en audicións organizadas polo centro.

2. Contidos:

Traballo dos exercicios de lectura rítmica das diferentes pezas antes da súa interpretación co instrumento e tamén con exercicios fonéticos.

Aprendizaxe dos diferentes modos de ataque e do seu uso nun contexto determinado.

Práctica de conxunto para adquirir unha percepción simultánea da diversidade tímbrica da percusión así como traballo da improvisación colectiva.

Exercicios para desenrolar a capacidade lectora.

Traballo con diferentes dinámicas.

Afianzamento dos rudimentos básicos, exercitando a lectura con diferentes combinacións de mans e cun aumento progresivo da velocidade.

Perfeccionamento das lecturas a vista.

Memorizar parte do repertorio.

Continuación do análise formal aplicado as pezas que o alumno/a toca e estuda na aula.

Estudio dos instrumentos de pequena percusión e especialmente aqueles que se tocan coa man.

Traballo de técnica individual en tódolos instrumentos; batería, caixa, timbais, multipercusión e marimba.

2.1 Recursos e Materiais:

Os materiais e recursos telemáticos con que contamos tanto os docentes coma o alumnado son os seguintes:

teléfono móbil, internet, webex, skype, correo electrónico etc....

E os recursos materiais:

Método de Percusión de 4º Grao Elemental de M. Jansen.

Elementary Snare Drum Studies de M. Peters.

Intermediate Snare Drum Studies de M. Peters.

Temas de batería do libro de E.Thievon.

Estudio de composición e de multipercusión, do libro de Garwood Whaley.

Libro de timbal de M. Peters.

Etúden fur Timpani de Richard Hochrainer.

Estudio "Intruductory Etude" de multipercusión de Morris Goldenberg.

Pezas do libro de N.J.Zivkovic.

Snare Study de multipercusión de Morris Goldenberg.

2.2 Temporalización dos contidos:

1º Trimestre:

Libro de 4º Grao Elemental M. Jansen:

Sección Caja do libro, páxinas 14,15,18,19,20,24,25,28,29 e 39

Sección Timbales do dito libro, páxinas 43,44,47,48,49,50,54,55,56,57,58,
Sección Láminas do dito libro, marimba, as páxinas 68, 70,72,74,76,(Escalas de ReM, Si m, SibM e Sol m respectivamente) Sonatina op. 36 N°1 de M. Clementi páxina 81.
Sección Multipercusión do dito libro,páxina 90 estudo 5, e páxina 101 estudo 21
Sección anterior do dito libro, batería, páxina 92 estudo 8, páxina 93 e páxina 97.
Libro M. Peters de Caixa:
Páxinas 29,30,31 e 54, caixa de M. Peters.
Escoller unha das seguintes pezas de multipercusión: “Prologue and Jubilo” de J. Spears,
“Resonances” ou “Declamation” de M. Goldenberg ou “Istra” de J. Beck.

2º Trimestre:

Libro de 4º Grao Elemental M. Jansen:
Sección de caixa de dito libro, páxinas 16,17,22,23,30,31,32 e 33 e o estudo 49 pág. 35
Sección Timbales do dito libro, timbais, as páxinas 45,46,51,52,59,60 e o estudo 43 pág. 62.
Sección Láminas do dito libro, marimba, páxinas 69, 71,73,75,77, escoller unha peza de cada páxina. Páxinas 78 e 79 e páxina 83.
Sección Multipercusión do dito libro, páxinas 99 estudo 19 e 101 estudo 21.
Exercicios das páxinas 82,83,90,e de 115 a 118 e 22 do libro de timbal de Peters.
Libro de Houllif:
Escoller 1 peza de caixa das seguintes: Boss Bosa, Drumba, Hlp Little Sixteen, Give me...
Sección D e E do libro de batería de Elias Gil.
Dous temas dos números 10,11,12,17 ou 18 do método de batería e cd de Eric Thievon.
Intermediate M. Peters Caixa:
Escoller entre os estudos 3 ou 5.

3º Trimestre:

Libro M. Jansen:
Sección de Caixa, estudos 50,51 e 52, pág. 36,37 e 38 respectivamente.
Sección Láminas do dito libro, marimba, escoller un duo das páxinas 84,85 e 86.
Sección de Multipercusión do dito libro, páxinas 102, 103 e 104 (escoller unha).
Bateria:
Canción a escoller “Fly Away” de Lenny Kravitz ou “I me mine” de The Beatles.

Libro de batería de Elias Gil:

Sección H e I.

Libro de timbal de M. Peters:

Páxinas 82, 83

Libro de Timbal Hochrainer:

Estudos 1,2,3,4 e 5.

Unha das seguintes pezas de marimba, “Reflex” de W. Stadler, “Malletrix” de Jared Spears,

Scenes from México” 2 movementos, de Alice Gómez, “3Pieces for 3 Mallets” de M. Peters, Invención N° 4 Bww 775 de J. S. Bach.

Unha peza das seguintes pezas de timbal:

“Grand Teton” de J.Beck, ou “New Timp” de J. Jurrens.

Obras de grupo:

Dúas obras de grupo das seguintes:

“Drum session II”. W.Stadler

“Latin”. Efraím Díaz.

“Story”. Jhon Cage.

“Collisions”.(5). J. Spears.

“Turn around e Rhythm Busters”. (4). W.J. Schinstine.

“Passing zone, Extra time e Time out” (4). Joe Maroni.

“The A team”. (+5). M. Post-P.Carpenter

“Chinese laundry man”. (3). H.F. Prentice.

“Peter Gun”. (+5). Blues Brothers.

3. Criterios de avaliación

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderase incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

Os alumnos deben ter nesta última parte do grao elemental una rápida adaptación a técnica do instrumento (agarre, colocación e golpeo perfectos), así como unha adaptación perfecta ao instrumento (control de cada un dos instrumentos)

Un certo control nas distintas obras de percusión (redobres, acentos, mordentes, matices e velocidades) en cada un dos instrumentos (Caixa, Marimba, Timbais, Multipercusión e Bateria).

Teráse en conta a súa rapidez e solvencia fronte a aprendizaxe do estudo.

Valorarase a actitude do alumno ante a asignatura, así como as faltas de asistencia e o comportamento.

3.1 Mínimos Esixibles:

Colocación, agarre e o golpeo no instrumento.

Coñecemento de todas as seccións do libro de M. Jansen

Redobres, Matices, Metrónomo, Mordentes e Acentos.

Dominio da técnica en al menos tres dos instrumentos (caixa, marimba e batería)

4. Procedementos e instrumentos de avaliación:

Tipos de avaliación que empregaremos durante este trimestre:

Avaliación Continua: Levarase a cabo de maneira integral, valorando a reforzo e recuperación dos dous primeiros trimestres, así como a ampliación das aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo real decreto 463/2020, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O procedemento da avaliación valorará mediante distintos medios telemáticos e técnicas audiovisuais (envío e recepción de audio/video), probas escritas, probas orais, traballos, etc...as aprendizaxes do/a alumno/a, deixando constancia dos resultados obtidos empregando o procedemento ordinario (ficha de seguimento do alumnado) e nunca minorando a cualificación.

4.1 Procedemento para a recuperación da 1ª-2ª Avaliación:

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases por videochamada, probas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxetiva sobre actividades realizadas polo/a alumno/a logo da declaración do estado de alarma, poderase realizar unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación cón alumnado logo da declaración do estado de alarma) para efectuar a avaliación nas materias pendentes.

4.2 - Procedementos de avaliación.

- Caderno de clase. Nel tomarase nota de cada sesión co alumno en el constarán o cumprimento das tarefas, as faltas de clase, as cualificacións trimestrais de todas as materias, así como o informe da avaliación diagnóstica que se levara a cabo a principio de curso.
- Gravacións de audio ou video. Serven para facer unha avaliación mais pormenorizada na que o alumno poida tamén autoavaliarse, ao tempo que servirá de estímulo para premiar os seus éxitos.
- Sesións colectivas nas que o alumno teña que preparar algún traballo sobre algún contido, xa sexa como preparación previa ou como complemento ao traballo de clase. Tamén se traballa aquí o fomento da lectura e as TIC.

4.3 - Temporalización.

Dividiremos os momentos para avaliar en tres grupos:

4.3.1 - Avaliación diagnóstica. Como xa se dixo no punto anterior, esta será levada a cabo ao principio como toma de contacto co alumno, xa sexa porque é novo, ou porque ao inicio do curso é conveniente sondar como se atopan os alumnos a volta das vacacións.

Esta avaliación permítenos establecer un punto de partida.

4.3.2 - Avaliación formativa. Estaríamos a falar aquí da avaliación máis diaria, da de cada sesión. Por iso, en cada momento deberemos aconsellar ao alumno (segundo esta avaliación) que cousas debe mellorar, redireccionar ou eliminar.

4.3.3 - Avaliación sumativa. Esta é a fase que pecha o círculo, é dicir, é a que abrangue todo o proceso educativo e decide se se alcanzaron os obxectivos marcados ou non. É importante que o docente faga tamén unha avaliación da súa práctica para mellorar as estratexias e conseguir polo tanto unha maior eficacia.

4.4 - Recuperación de materias pendentes: o alumno poderá pasar de curso cunha materia pendente, se ten dúas suspensas deberá repetir curso.

4.5 - Probas extraordinarias: realizaranse probas de acceso, incluída a proba de acceso ao Grao Profesional (Pase de grao) e exames na convocatoria de setembro. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regula o procedemento de acceso aos distintos cursos nos artigos 11 e 12 de decreto 203/2007, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

Publicaríanse no mes de Abril no taboleiro de anuncios as obras de distintos estilos que se requirirán, integradas na metodoloxía deste curso.

5. criterios de Cualificación:

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e contínua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento:

Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter contínuo da materia e poderá incrementarse en un máximo de 3 puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e

procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

Cofecer de forma xeral os instrumento e os tipos de baquetas e mazas.

Ter unha posición axeitada que lle permita tocar con comodidade, seguridade e relaxación.

Demostrar unha técnica de mán dereita e esquerda adecuada o seu curso, acadando unha igualdade entre ambas máns, e cun aumento de velocidade.

Empregar con solvencia os golpes básicos de Down, Full e Up, redobres, mordentes, nos distintos instrumentos, e usalos con autonomía dependendo da situación musical.

Demostrar sensibilidade na calidade do son.

Memorizar parte do repertorio e interpretar algunha obra de memoria en público.

Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo e os hábitos de estudio adquiridos.

•

Debido a grande cantidade de instrumentos as porcentaxes dos anteriores apartados aplicaranse a cada un deles, sendo o resultado final a suma de:

1. Marimba.
2. Caixa
3. Multipercusión
4. Batería e Timbais

6. Actividades e enfoque metodolóxico:

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1º/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e a superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

Metodoloxía

- Clase semanal online de percusión mediante videochamada.

- Envío ao alumnado de tarefas de traballo semanal mediante correo electrónico, arquivos de partituras de obras, estudos técnicos, enlaces audiovisuais...
- Envío e recepción por parte do alumnado de videos de obras ou estudos interpretados por eles, para posterior explicación e corrección.

O alumno contará cunha clase individual de sesenta minutos e a posibilidade de participar, en función da dispoñibilidade do centro, nunha clase colectiva que complementará os contidos da clase individual e fomerntará o traballo en grupo. Os primeiros cursos esixen una metodoloxía adaptada os coñecementos previos as aptitudes de cada alumno.

O profesor debe ser imaxinativo para crear xogos e actividades que permitan o traballo dos contidos a acadar. A motivación e esencial para que o alumno senta a necesidade de continuar na indagación das posibilidades que lle ofrece a familia da percusión.as actividades didácticas que se levarán a cabo na aula serán as seguintes:

- Traballo de obras que permitan o alumno o desenvolvemento dos obxetivos e contidos propios do curso
- Contextualización das obras a través do análise e compilación de datos que levará a cabo os alumnos sobre os autores e periodos musicais.
- Traballo da lectura a primeira vista.
- Audicións que permitán a mellora da capacidade crítica dos estudantes e que favorezan a estimulación da práctica na casa.
- Traballo da música en grupo nas clases colectivas.
- Participación nas audicións propostas polo departamento co fin de exteriorizar o traballo realizado ao longo do curso.

7. Recursos:

- ♩ "Percusión 4º de Grado Elemental".....M. Jansen
- ♩ "Drums Training Session, rock and hard+cd".....Eric Thievon
- ♩ "Studies in Solo percussion".....Morris Goldenberg.
- ♩ "Fundamental Method for Timpani".....Mitchell Peters.
- ♩ "Fundamental Studies for Mallets".....Garwood Whaley.
- ♩ "Intermediate snare drum studies"M. Peters.
- ♩ "Cadernos de Grao Eleme.....Carlos Castro.

- ♩ “30 Estudios progresivos para timbal”.....Gérad Berlioz.
- ♩ “Les claviers a percussion parcourent le monde.....Emmanuel Sejourné.
- ♩ “Elementary snare drum studies”.....Mitchell Peters.
“Ejercicios para la batería pop”.....Elias Gil Torras.
- ♩ “Etúde Fur Timpani”Richard Hochrainer.
- ♩ “Contest solos for the young snare drummer”.....Murray Houllif

7.1 Audicións:

Os alumnos/as poderán escoitar as seguintes gravacións discográficas na casa, e o longo do curso e na aula comentaranse cuestións sobre as mesmas, sendo de obrigatoria escoita as de percusión.

“The Fat of the land”. Prodigy.Electro-Punk.-----“Sinfonías 5 e 9”. Ludwig va Beethoven

“Ride the lightning”. Metallica. Trash-metal-----“My summertime”. Ray Barretto. Latin

“History”. Michael Jackson. Pop.-----“...And then there were X”. DMX. Hip-hop

“Homogenic”.Bjork. Trip-hop.-----“Mambos with Puente”. Tito Puente. Mambos.

“...en Al-Hakim”. Medina Azahara. Rock.-----“Vectorspheres”. Humanoid. Electrónica

“The mist f avalon”. Alan Stivell. Folk.-----“Trä”.Hedningarna. Folk.

“Au-Dela”. Gwerz. Folk.-----“Marimba Spiritual”. Katarzyna Mycka. Marimba. (Obrigatorio)

“Rhythms of life”. Bogdan Bacanu. Dúo de marimba y voz, marimba e orquestra. (Obrigatorio).

“The Castle of the Mad King”.-- Nebosja Jovan Zivkovic. Multipercusión, marimba, vibráfono.(Obrigatorio)

8. Procedementos de acceso ao Currículo:

A proba práctica de acceso a este curso efectuarase segundo a lexislación que a regula, o decreto 198/2007 e a circular 4/2008 da consellería de educación. Será publicada no

mes de abril no taboleiro de anuncios coas obras e estudos que se requirirán, integradas nos contidos da programación didáctica do 3º curso deste currículo. Estas obras e estudos terán un carácter orientativo. Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Coñecemento do instrumento.
- Control dos instrumentos,(técnica, agarre, colocación).
- Control do son en cada un dos instrumentos.
- Control da memorización, afinación e da entonación.

8.1. Recuperación de materias pendentes:

Promoción e permanencia

O alumnado pasará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo nunha materia. No suposto de que a materia pendente sexa de práctica instrumental ou vocal, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte, se forma parte del. No resto dos casos, o alumnado deberá asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior. A cualificación negativa en dous ou máis materias dun curso impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.

En relación co punto anterior, o centro poderá, segundo a súa dispoñibilidade, autorizar a asistencia do alumnado con unha materia pendente, como o ínte, ás clases das materias xa superadas.

O límite de permanencia en cada curso de grao elemental será de dous anos, sen que o alumnado poida permanecer máis de cinco anos no devandito grao.

Ampliación de matrícula excepcional

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno/ a asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquelao que aspire a acceder.

O claustro de profesores acorda que para solicitar a ampliación de matrícula, os alumnos en cursos superiores a 1º curso de grao elemental, deben acreditar previamente, mediante certificado ou expediente académico, unha nota media no curso anterior igual ou superior a 8.

O claustro de profesores acorda que os alumnos que soliciten a ampliación de matrícula, teñan que superar unha avaliación inicial mediante unha proba teórico-práctica, na que demostren a superación dos obxectivos e contidos incluídos na programación didáctica do curso no que se encontran matriculados. Nesta proba estarán integrados a totalidade dos profesores do curso actual do alumno/a.

Probas extraordinarias

Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

Colocación, posición e coller ben as baquetas.

Emisión, proxección do son.

Estudos correspondentes.

Obras correspondentes.

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

Terán lugar no mes de setembro.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará no calendario escolar do presente curso, a marxe de días para que os centros organicen as oportunas probas

extraordinarias co fin de facilitar ao alumnado a recuperación de materias con avaliación negativa.

9. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas:

Durante o curso terán lugar os seguintes eventos:

- Festival de nadal.
- Dúas audicións públicas.
- Concerto didáctico para os colexios.
- Día do Conservatorio na rúa.
- Festival fin de curso.
- Conmemoración do día de Santa Icíá.

10. Procedementos para realizar a avaliación interna, así como coedinar e revisar a Programación Didáctica do Departamento:

1. Mensualmente realizarase unha reunión monotemática do departamento, na que se analizará o desenvolvemento dos obxetivos e contidos programados, así como do cumprimento en xeral da programación didáctica deste curso.

2. Elaboración, rematado o curso, dunha memoria anual do cumprimento da programación didáctica do departamento.

3. En todos os departamentos didácticos do centro realizarase unha reunión trimestral dedicada á autoavaliación do departamento, donde se analizarán:

- Propostas formuladas ou falta de elas, ao equipo directivo relativas á xestión do centro
- Propostas formuladas ou falta de elas, á comisión de coordinación pedagóxica, relativas ao desenvolvemento curricular
- Consecución ou non das actividades culturais e eventos programados ao principio de curso
- Avaliación do proceso de ensino durante o curso. En que se pode mellorar.

Atención á diversidade

- Especial atención a alumnos sen conexión a internet, adoptando as medidas necesarias para poder chegarlles o traballo e poidan seguir reforzando as obras e estudos do programa, así como realizar conexión telefónicas de acción tutorial.

Información e publicidade

Empregarase a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente adaptación da programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepción das programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas no sitio web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.